

PROXECTO NUTRIESCOLAS – FÍSICA E QUÍMICA

Física e química 4ºESO

Xustificación: Estudo dos tipos de movementos e as forzas implicadas en diferentes movementos levados a cabo en deportes, empregando este como vehículo motivador.

Dende Física e Química tematízase o bloque de cinemática e dinámica no contexto do deporte e o movemento humano, incluíndo unha práctica experimental con análise dun vídeo mediante a ferramenta Tracker. Abordáronse contidos chave para a materia como o movemento rectilíneo uniforme e o uniformemente acelerado, así como as leis de Newton, aplicándoos a situacións reais do ámbito deportivo. Vinculouse así, a aprendizaxe da Física co movemento físico e a práctica deportiva, fomentando hábitos de vida activa e saudable.